



Resolución do 28 de novembro de 2016, pola que se dispón o nomeamento de vogal do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).

A Lei 3/2004, do 7 de xuño (DOG núm. 116, do 17 de xuño) crea o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), como un ente de dereito público con personalidade xurídica propia e patrimonio propio e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, adscrito á Consellería do Mar; o seu regulamento foi aprobado polo Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG núm. 49, do 11 de marzo de 2005).

Os artigos 7 da Lei 3/2004, do 7 de xuño e 4 do Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, regulan a composición do Consello de Administración do Instituto, establecendo que o vogal representante do persoal do Intecmar, será nomeado polo Consello de Administración deste, por proposta do órgano ou órganos que representan ao persoal do Intecmar.

En consecuencia,

DISPÓÑO:

Por proposta das delegadas de persoal do Intecmar, o nomeamento de Jesús Adolfo Mouriño Reboredo, como vogal do Consello de Administración do Intecmar en representación do persoal do instituto.

Vilaxoán, a 28 de novembro de 2016

A Presidenta do Consello de Administración

Rosa Quintana

Rosa M^a Quintana Carballo

